

# Resistencia e identidade na produción literaria de María Xosé Queizán: cara á lexitimación do feminismo galego

VANESSA CERQUEIRA OGANDO  
Universitat de Barcelona

## Resumo:

Baixo o concepto de *muller galega* atopamos o eixo central que unifica o percorrido vital, o pensamento e a literatura de María Xosé Queizán. Coa figura da *muller galega*, definida sobre todo nos dous primeiros ensaios, *A muller en Galicia* (1977) e *Recuperemos as mans* (1980), a autora mostra un desexado e novo modelo de muller que defende, primeiro, a súa propia identidade como *suxeita* no patriarcado e, segundo, a súa identidade como ser que pertence ao pobo galego. Neste senso, a figura da *muller galega* constrúese como *alter ego* da autora, quen, a través da súa produción literaria, tenta transmitir a súa ideoloxía feminista e nacionalista para tratar de construír un país de mulleres feministas que queiran estender as súas raíces galegas cara ao futuro.

**Palabras clave:** María Xosé Queizán, literatura, feminismo, nacionalismo, muller galega

## Abstract:

The concept of *Galician woman* represents the central idea in María Xosé Queizán's life, ideology and literature. In her essays *A muller en Galicia* (1977) and *Recuperemos as mans* (1980), the author focuses on a new idea of woman, capable of defending her own identity within and against patriarchy, as well as her identity as a human being belonging to the Galician people. In this way, the figure of the *Galician woman* appears as the *alter ego* of the author, who is trying to create the idea of a land of feminist women, determined to expand their Galician identity into the future.

**Key words:** María Xosé Queizán, literature, feminism, nationalism, Galician woman

Este estudo é un paso previo para a análise da produción literaria de María Xosé Queizán coa finalidade principal de achegármonos ao feminismo nacionalista que defende nos seus primeiros ensaios. Polo tanto, falaremos de ensaio, xénero e nación; pero antes cómpre atender aínda outro aspecto relacionado con estes tres termos. Referímonos á posición da literatura de mulleres e da literatura galega dentro do campo literario.

Segundo as liñas teóricas de Pierre Bourdieu, o campo literario é un espazo condicionado por factores económicos e políticos, ademais de por diversos esquemas mentais e sociais, e todos estes determinan o valor da obra e a posición que ocupa no campo literario. Deste xeito, no momento en que María Xosé Queizán empeza a desenvolver o seu programa teórico e creativo, os factores mencionados actúan como instrumentos imprescindibles nas relacións xerárquicas e desiguais que se establecen entre as literaturas integrantes do campo literario e, ao mesmo tempo, como consecuencia, fan que se conciban algúns sistemas literarios como dominantes, e algunhas configuracións ideolóxicas, como hexemónicas. Así, no marco estatal, a literatura española tende a antepoñerse como dominante e o pensamento patriarcal actúa como referente normativo fronte á ideoloxía feminista. Contra estes posicionamentos centrais, desde os que se reproducen os valores establecidos, outras posturas consideradas dominadas, como a literatura de mulleres e a galega, tratan de subverter e transformar as situacións periféricas e marxinais que ocupan.

Cómpre engadir tamén que a literatura de mulleres e a literatura galega a partir da transición comparten, ademais dunha posición periférica dentro do campo literario, un problema común: a falta dunha identidade con cohesión do grupo ao que fan referencia. Os discursos sobre as mulleres e sobre a nación, ao mesmo tempo que procuran identidades propias, levan a cabo as súas respectivas loitas por alcanzar a visibilidade e o recoñecemento identitario como pobo galego e como mulleres-*suxeitas*. Polo tanto, detrás destes discursos hai unha estreita vinculación cunhas determinadas posicións ideolóxicas.

Segundo estas afirmacións a literatura de mulleres —en canto que espazo con características sociohistóricas e discursivas diferenciadas— e a literatura galega —en canto que literatura nacional tamén diferenciada— constrúense non como formulacións independentes, senón como discursos duns colectivos emerxentes que se cruzan.

Para analizar a contribución literaria de María Xosé Queizán arredor da cuestión nacional e feminina en Galicia, témonos que situar por forza nesta posición de literatura periférica. Todos os escritos da autora tratan de lexitimar de xeito indisociable a identidade galega xunto coa identidade feminina. Non obstante, dada a imposibilidade neste momento de analizar a ampla obra da autora, e de acordo co obxectivo inicial (que é a procura de identidade feminina e nacional na súa produción literaria); centraremos o noso estudo nos ensaios: *A muller en Galicia* (publicado en 1977) e *Recuperemos as mans* (de 1980).

A elección, loxicamente, non é arbitraria: nestes dous ensaios atopamos o compoñente fundamental que caracteriza a nosa reflexión. Trátase da construción dun modelo identitario emancipador: a *muller galega*, unha figura consecuenta cos debates que se desenvolven arredor da muller e da nación nos anos 70. A autora, xunto ao desexo de trocar os valores aferrados á sociedade patriarcal, para conseguir a emancipación das mulleres, participa das formulacións nacionais de raíz ideolóxica marxista, proclamando a autodeterminación para

Galicia e denunciando as contradicións do capitalismo, que no país galego ten trazos nitidamente coloniais. Para levar a cabo tal fin sérvese da *muller galega*, unha figura definida pola súa dobre identidade (concepto que máis adiante iremos debullando).

Como dicíamos, un dos principais obxectivos da autora é tratar de solucionar o problema da marxinação social da muller e do país que, segundo ela, igual ca o resto das feministas da segunda onda, está na revolución contra o patriarcado e o capitalismo. Xustamente, esta crenza e a participación activa no nacionalismo e no feminismo galegos son os factores que a levan a desenvolver un importante labor de concienciación identitaria e de resistencia en contra do poder patriarcal e político; o que fai a partir da escrita d'*A muller en Galicia* e de *Recuperemos as mans*, dous ensaios que axiña deron en ser textos fundacionais do feminismo nacionalista galego.

No primeiro deles, *A muller en Galicia*, Queizán define a súa concepción de *muller galega*. Aquí reflexiona sobre quen é e onde está a muller galega. A finalidade deste primeiro ensaio, que une os fundamentos feministas e nacionalistas, é unicamente de divulgación. *Grosso modo*, a autora deixa entrever nesta obra como a dominación patriarcal sobre as mulleres contemporáneas é consecuencia da opresión política —vense obrigadas a estar sometidas á orde patriarcal— e da dominación ideolóxica —aceptan a situación de desigualdade como normal polos mecanismos relixiosos, culturais e educativos—. Porén, estas causas refórzanse cun compoñente específico: o capitalismo. Ao mesmo tempo, este último elemento, non só nos remite á discriminación sexual, senón que tamén explota e fai depender del, máis exactamente dos modos de produción capitalistas, a Galicia subdesenvolvida. Trátase dunha discriminación colonial. Queizán dio así:

*A dependencia feminina préstase ás mesmas confusións que as causas e natureza do subdesenvolvemento dos países dependentes. Ambas [a muller e o agro gallego] son productoras de valores de uso e dependentes do capitalismo. O capital precisa estas zonas subdesenvolvidas e colonizadas e chucha delas co mesmo bico que do traballo feminino. A situación dependente do noso país está íntimamente relacionada coa da muller e ésta é a principal pagana do conflito* (Queizán 1977: 9-10).

Ao seu ver, ademais, o estado de opresión ao que se ven sometidos o pobo galego e as mulleres ten como consecuencia directa a perda das respectivas identidades colectivas:

*O pobo galego privado de autonomía durante séculos ten moitas dificultades para tomar conciencia da súa identidade. Do mesmo xeito, a muller, privada de autonomía durante máis séculos, non lle resulta doado tomar conciencia do propio ser e da súa explotación* (Queizán 1977: 10).

A coincidencia entre a opresión e a perda da identidade que sofren as mulleres e o pobo galego fai que Queizán considere as reivindicacións de xénero e o contexto histórico de nación oprimida a través dunha única figura, a da *muller galega*, quen sofre unha tripla explotación «como sexo, como traballadora e como ser colonizado». E defende que as mulleres

só, despois de tomar conciencia da súa condición desigual de sexo na cultura patriarcal e como explotadas polo capitalismo, atoparán a súa identidade como mulleres e como galegas (asumindo con esta última a identidade nacional).

*Esta muller sairá do pozo no que está sumerxida cando tope a súa identidade como muller e como galega e cando coñeza a súa explotación.[...] Cando descubra e asuma a súa natureza como muller vérase obrigada a chantar os pes sobor dunha terra, a súa, e asumir un pobo, o seu (Queizán 1977: 11).*

Deste xeito, a autora non nos presenta a opresión de xénero e a opresión nacional como dous feitos independentes, senón como dúas realidades unidas polo desigual desenvolvemento destes na estrutura sociopolítica do capitalismo.

Queizán, para acabar de determinar cal é para ela a verdadeira muller galega, analiza as características da familia, do traballo e as condicións ideolóxicas e psicolóxicas ás que están sometidos os estereotipos que dividen as mulleres galegas en «muller rural» e «muller urbana». Nesta relación é importante ter en conta as consideracións da autora sobre a contribución do capitalismo na perda da identidade da muller galega actual (enténdase no contexto da obra).

O rol das mulleres dentro da sociedade troca cualitativamente porque tamén mudou a sociedade. Este feito ten características propias nas mulleres galegas, unha delas é a que expresa o choque psicolóxico que supón para as mulleres o abandono dun ambiente rural por un sistema capitalista. Queizán defende que as mulleres posúen dentro da familia rural un rol esencial como reprodutoras biolóxicas e como produtoras: pois educan os fillos dentro da «língua, a cultura e as tradicións galegas», ocúpanse das tarefas do fogar e até, se as circunstancias o reclaman, realizan os traballos de forza como o cultivo e o coidado dos animais; deste xeito, quedan totalmente integradas no sistema de produción.

Logo, a autora sinala algunhas das razóns sociais, económicas e psicolóxicas polas que as mulleres urbanas quedan afastadas do sistema capitalista e, consecuentemente, como este feito lles produce certo desequilibrio emocional. En primeiro lugar, destaca a reclusión das mulleres no ámbito privado como anxo do fogar ao teren as súas vidas supeditadas á ditadura dos traballos domésticos:

*Na casa ten que facer de nai, doncela, cociñeira, muller da limpeza, compañeira sexual do home, orquestadora das relacións familiares... (Queizán 1977: 36).*

En segundo lugar, sinala como a manutención do traballo doméstico non responde aos intereses particulares do capitalismo e, consecuentemente, estes labores non están remunerados; así que a única relación das mulleres urbanas co sistema de produción capitalista é a través da figura do home:

*O traballo da muller na casa queda totalmente desvalorizado (e a muller con él) [...] Non recibe un salario a cambio da súa produción. A lei do valor non rexe para o*

*traballo doméstico. A muller non ten, logo, ningunha relación directa co capital* (Queizán 177: 33).

E finalmente, di que, derivado do illamento e da incomunicación no fogar, nas mulleres urbanas prodúcese certo sentimento de inferioridade ao comprobar que o seu traballo non ten ningún tipo de valor no capitalismo. Por este sentimento de inferioridade, as mulleres falan o castelán, lingua do poder e da cidade, para se integrar e ser aceptadas pola clase que o fala, perdendo así as súas identidades:

*A muller na vila cambia de lingua, ten que se adaptar á lingua da outra crase, dos superiores, dos cultos. [...] A muller quere falar a outra lingua, o castelán, para poder subir na escada social. O castelán é a lingua de prestixio e para falala ten de fuxir, renegar, do seu propio grupo de orixe que é inferior social e económicamente* (Queizán 1977: 40).

Despois de todas estas reflexións, Queizán deixa entrever como nas mulleres urbanas, fortemente influenciadas por un contexto socioeconómico capitalista, se produce unha carencia de identidade e a dificultade de recoñecemento propio. Por iso é polo que considera que a *muller galega* é a do campo e a do mar (contextos precapitalistas), xa que é ela quen conserva todos aqueles elementos que conforman a nación: transmítelles aos seus fillos a lingua, a cultura, as crenzas e as tradicións galegas.

En 1980, a autora retoma e completa no seu segundo ensaio, *Recuperemos as mans*, os temas expostos no primeiro. Con todo, nese momento, comezan a xurdir controversias entre o feminismo galego de segunda onda e o marxismo; así as formulacións do feminismo radical apuntan a unha serie de problemas na concepción da represión das mulleres, que as teorías marxistas descoidaran. Nesta liña aparece *Recuperemos as mans*. Facer unha crítica ao marxismo desde a óptica do feminismo e con argumentos propios do marxismo é o propósito deste texto, que ten como fío condutor a denuncia da explotación e a opresión das mulleres na sociedade contemporánea.

Nos primeiros seis ensaios do libro, Queizán, logo de definir as mulleres como unha clase social, fai unha análise pormenorizada da situación da muller na cultura patriarcal e na sociedade capitalista. Esta análise é totalmente necesaria para chegar a concienciarse e a alcanzar «A independencia feminina e a Independencia nacional» que propón ao final. Neste último ensaio, sinala as similitudes entre a dependencia nacional e a dependencia feminina: tanto Galicia como as mulleres sofren explotación, discriminación e opresión, o único matiz diferenciador é que na nación a opresión colonial (atribuída ao subdesenvolvemento) é recoñecida e, sen embargo, a opresión exercida secularmente sobre as mulleres galegas (atribuída á propia bioloxía) está totalmente ignorada. A autora reclama para ambas o dereito a ser libres e independentes, xa que as devanditas dependencias teñen unha orixe política e non biolóxica, e advirte que para conseguir esa liberdade é necesario recoñecerse e unirse como oprimidas. É dicir, as mulleres necesitan establecer contacto para se identificar entre elas, afastándose do ámbito privado e da subordinación aos homes. E Galicia debe liberarse do poder central

do Estado Español a través dun goberno propio, para adquirir un maior rendemento económico e a independencia.

Do noso achegamento ás primeiras producións ensaísticas de María Xosé Queizán, conclúese o seguinte: María Xosé Queizán mostra a denuncia explícita da explotación feminina e da explotación nacional, establecendo entre elas un gran paralelismo. Primeiro sinala que para conseguir a colonización é preciso privar dalgúns bens o ser (neste caso as mulleres) ou a terra colonizada (Galicia) para que deste xeito non teña unha identidade definida. Despois, denuncia como tanto as mulleres como o pobo galego teñen unha historia escrita polo poder dominante: o patriarcado e España, respectivamente. Algo que é sinónimo de invisibilidade, de subordinación e de construción como o *outro* do home e da terra colonizadora. E, finalmente, presenta a colonización de xénero e a colonización nacional non como factores independentes, senón como un factor global: prodúcese unha relación de dependencia entre as mulleres e a terra galega con respecto ao capitalismo.

Por estas tres semellanzas, a autora deixa entrever que as mulleres galegas como seres oprimidos son as únicas que poden entender de maneira radical a opresión nacional que sofre Galicia por dous motivos: un, porque unicamente cuestiona a súa identidade o xénero que non ten o poder; e dous, pola comprobación de que ambas son o resultado dunha heterodesignación.

(Na miña opinión, coído que Galicia nunca será independente e libre se a muller galega sofre algún grao de opresión, e a liberación das mulleres é inseparable da superación histórica da normativa patriarcal e do modo de produción capitalista; por iso a autora recomenda romper con eles).

Deste xeito, a emancipación das mulleres do sistema patriarco-capitalista e a independencia nacional forman unha unidade que xorde da loita en contra da opresión nacional e social de xénero que sofre Galicia. De aí o papel fundamental que leva a cabo a súa concepción de *muller galega*, definida, por unha banda, pola súa condición feminina e a súa subversión do poder patriarcal e, pola outra, pola loita para alcanzar a emancipación do seu pobo. Neste senso, a figura da *muller galega* constrúese como *alter ego* da autora, quen tenta construír un país de feministas que queren que as súas raíces galegas se estendan cara ao futuro.

Para concluír, é preciso dicir que na produción literaria de María Xosé Queizán destaca unha preocupación constante: o desexo de evidenciar e lexitimar unha identidade feminina e nacional a través da construción da figura da *muller galega*, o que é consecuencia directa da súa ideoloxía. Neste senso, podemos afirmar que o feminismo e o nacionalismo agochado debaixo das súas propostas teóricas forman parte dun proxecto político: a emerxencia dun feminismo-nacionalista que dea identidade individual como mulleres e colectiva como galegas; porque, segundo di en *Racionalismo político e literario*:

...as mulleres galegas queremos alcanzar a emancipación nunha Galicia tan independente e insubmisa como nós (Queizán 2004:27).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Bourdieu, Pierre (2004). *O campo literario*. A Coruña: Laivento.

Queizán, María Xosé (1977). *A muller en Galicia. A muller na sociedade galega. A lingua galega e a muller. Análise estrutural de dous feitos represivos*. A Coruña: Edicións do Castro.

— (1980). *Recuperemos as mans*, Santiago, Edicións do Cerne

— (2004). *Racionalismo político e literario. Conciliar as ciencias coas humanidades*, Vigo, Xerais.